

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN DE ESPECTÁCULOS DAS FESTAS PATRONAIS DE SAN FROILÁN 2012 ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE LUGO

Sendo as 13,40 horas do día 26 de setembro de 2012, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais, constitúese Comisión de Festas actuando como Mesa de Contratación, presidida polo Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde da Área e titular da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua don Antón Bao Abelleira e actuando como vocais dona Sonia Méndez García e Esther Muñoz, polo Grupo Municipal Socialista, don Angel Trabada Gómez en representación do Grupo municipal do PP, don Marcial Rodríguez Toajas interventor xeral do Concello, dona Ana I. Saez Mancebo, letrada asesora do Concello, dona Matilde García Losada, xefa da sección de cultura e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, xefe do servizo de contratación. Tamén asisten ao acto público don Antonio Reija e dona Mercedes Pérez, en representación de NALGURES PRODUCCIÓN S.L e dona Sonia Fernández, en representación de LUZSONGA S.L.

Abre a sesión a Sr. Presidente e procédese por parte do Secretario da Mesa a dar conta aos membros da comisión do escrito de alegacións e solicitude de revisión do informe técnico das melloras presentadas no procedemento que foi presentado pola empresa NALGURES PRODUCCIÓN S.L con data 21 de setembro de 2012.

Os membros da mesa, despois da lectura do escrito de alegacións e tras un novo análise das ofertas presentadas e do prego de prescricións técnicas que rexeron o procedemento chegan as seguintes conclusións:

- Que a proposta de melloras presentada por LUZSONGA S.L consistente nos escenarios tipo ORBIT non cumpre os requisitos establecidos no prego de prescricións técnicas no relativo ás dimensións (Horta do Seminario: escenario cuberto mínimo de 14x10 e teito técnico a 10 metros de altura do chan na súa parter mais baixa e que soporta cargas de 1000 kg). A oferta de LUZSONGA S.L propón un escenario de dimensións 20x12 e **na parte mais alta 9,92 m para a praza da Horta do Seminario.**

- En relación á diferente valoración da mesma mellora presentada por LUZSONGA S.L nos anos 2011 e 2012 relativa aos escenarios tipo ORBIT, cómpre sinalar que no ano 2011 foi valorada con 0 puntos polo feito de non estar avaliada economicamente por parte da empresa, requisito que era imprescindible para ser tidas en conta as melloras por parte da mesa de contratación. No ano 2012 a mellora estaba avaliada economicamente por parte da empresa na súa proposición e polo tanto foi admitida e valorada.

CONTRATACIÓN

MLA

Refª: ACTA LECTURA INFORME E ADXUDICACIÓN II

Asunto: acta lectura informe técnico e adxudicación II

Tendo en conta todo a anterior, os membros da mesa proceden a realizar unha nova valoración das proposicións, descartando a mellora ofertada por LUZSONGA S.L sobre os escenarios tipo ORBIT, o cal reduce as súas melloras a un importe de 1.633,50 euros e unha puntuación de 1,80 puntos neste apartado. NALGURES PRODUCCIONS S.L oferta melloras por importe de 4.526,61 euros, correspondéndolle agora 5 puntos neste apartado.

O cadro final de puntuacións é o seguinte:

| | Prezo | Melloras | Proxectos Producción | TOTAL |
|-----------------------------------|-------|----------|-------------------------|-------|
| LUZSONGA, S.L.: | 7,83 | 1,80 | 5 | 14,63 |
| NALGURES PRODUCCIONS, S.L.: | 10 | 5 | 5 | 20 |

Na súa consecuencia tendo en conta as puntuacións finais, os integrantes da comisión de festas acordan por unanimidade estimar parcialmente as alegacións presentadas pola empresa NALGURES PRODUCCIONS S.L con base no exposto anteriormente e propoñer unha nova adxudicación do contrato á empresa NALGURES PRODUCCIONS S.L nas condicións incluídas na súa proposición, por ser a oferta no seu conxunto mais vantaxosa para o Concello

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14:45 horas.

O PRESIDENTE

Asdo: Antón Bao Abelleira



O SECRETARIO

Asdo: Manuel Louzao Aldariz.